

1123 / 2016

**Alegacións de Por Chantada-CUP á modificación da Ordenanza fiscal reguladora do ICIO e da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por licenzas e servizos urbanísticos na fase de alegacións após a súa aprobación inicial**



Antom Fente Parada, voceiro do grupo municipal Por Chantada-CUP con enderezo electrónico a efectos de notificación [1986@hotmail.com](mailto:1986@hotmail.com), apresento no período de exposición pública as seguintes alegacións ás modificacións da *Ordenanza fiscal reguladora do ICIO* e da *Ordenanza fiscal reguladora da taxa por licenzas e servizos urbanísticos* para que se subsanen as deficiencias detectadas na súa futura aprobación definitiva, se procede. En virtude do cal **EXPOÑO**:

As ordenanzas fiscais reguladoras da taxa de licenzas urbanísticas e do ICIO publicáronse no BOP o 10 de maio de 2013 e aprobáronse na sesión do pleno da Corporación de Chantada o 11 de marzo de 2013.

En sesión plenaria ordinaria do 10/07/2017, após a súa inclusión por urxencia na correspondente comisión informativa, aprobouse cos votos a favor de Inta (6) e do PP (2) e en contra do PSOE (3) e de Por Chantada-CUP (1) no 2º punto a "Modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por licenzas urbanísticas e servizos urbanísticos" expóndoa ao público «durante o prazo de trinta días hábiles» e publicándose no BOP nº 189 do 18/08/2017 anuncio de Aprobación inicial da modificación da *Ordenanza fiscal reguladora da taxa por licenzas e servizos urbanísticos* (páxina 4, R. 2367).

Dada a ausencia de informes preceptivos, solicitamos a votación nominal desde a CUP, acolléndonos ao artigo 102 do ROF, denegada pola maioría do Goberno.

Igualmente, publicouse no BOP nº 185 do 12/08/2017 anuncio de Aprobación da modificación da *Ordenanza reguladora do imposto sobre construcións* (páxina 1, R. 2374) e exposición da mesma por período de 30 días de acordo co aprobado no punto 3º do devandito pleno cos mesmos apoios do punto anterior.

Encontrándome portanto dentro do prazo legalmente establecido formulo as seguintes **ALEGACIÓNS** en aras de defender o interese xeral na miña condicións de cidadán e concelleiro:

### **1ª) Falta informe impacto económico da intervención**

Consta na páxina 3 da acta da sesión que «o Alcalde confirmou que non é preceptivo o informe de intervención» e máis adiante que «o Sr. Alcalde di que non é preceptivo o informe económico-financeiro, só cando afecte a ingresos e que non entende tanto lío» en referencia ás palabras de quen subscribe estas alegacións extractadas nesa acta como «hai informe da intervención e indica que as modificacións requiren informe económico-financeiro. Portanto, incúmprese o Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentar e sustentabilidade financeira». Para alén diso o informe de intervención era desfavorábel e tamén é preceptivo o informe sobre sustentabilidade da medida no cadro no plano de axuste en vigor no Concello de Chantada. Xa que logo, debería informarse sobre o impacto económico da medida sobre a facenda local e cumprir coa lexislación.

Estas modificacións xa se trouxeron a un pleno de novembro de 2016 retirándose precisamente pola falta dos informes preceptivos que agora non se traen.

De acordo co artigo 25 do *Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo* «os acordos de establecementos de taxas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público, ou para financiar total ou parcialmente os novos servizos, deberán adoptarse á vista de informes técnico-económicos en que se poña de manifesto o valor de mercado ou a

previsíbel cobertura do custe de aqueles, respectivamente. Dito informe incorporárase ao expediente para a adopción do correspondente acordo».

Daquela, as modificacións como o establecemento de novas ordenanzas require informe económico-financeiro tal e como informou a interventora no expediente 1123/2016 mediante informe do 3 de novembro de 2016. Textualmente «para poder analizar que se cubre o custe do servizo por un lado, e por outro, que a taxa non supera o custe do servizo» de conformidade co artigo 24.2 do RDL 2/2004 que di «en xeral, e con arranxo ao previsto no parágrafo seguinte, o importe das taxas pola prestación dun servizo ou pola realización dunha actividade non poderán exceder, no seu conxunto, do custe real ou previsíbel do servizo ou actividade de que se trate ou, no seu defeito, do valor da prestación recibida».

No entanto, nen consta informe económico-financeiro nem informe técnico ao respecto asinalando con exactitude os efectos económicos da modificación.

Canto á sustentabilidade financeira, o artigo 4 da *Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril* regula que debe cumprirse co devandito principio e o artigo 7.3 as «as disposicións legais e reglamentares, na súa fase de elaboración e aprobación, os actos administrativos, os contratos e os convenios de colaboración, así como calquera outra actuación dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta Lei que afecten aos gastos ou ingresos públicos presentes ou futuros, deberán valorar as súas repercusións e efectos, e supeditarse de forma estrita ao cumprimento das exixencias dos principios de estabilidade orzamentar e sustentabilidade financeira». A interventora, por súa vez, engade que «dos preceptos anteriores despréndese ca prestación do servizo queda condicionado ao cumprimento estrito das exixencias dos principios de estabilidade orzamentar e sustentabilidade financeira. Non podendo ser obxecto de análise xa que non existe informe económico-financeiro, que sinale os efectos que vai producir a modificación».

**2ª.- Baixada marxinal nas granxas e estabulados ao tempo que se mantén o IBI**

Lembramos que o noso grupo propuxo unha nova Ordenanza fiscal reguladora do IBI e a declaración do sector lácteo e primario como estratéxico no Concello, co cal poderían aprobarse bonificacións reais e non baixadas marxinais do ICIO. En todo caso, procedería, toda vez que se modifican as ordenanzas, facer unha revisión, corrección e actualización dos módulos da ordenanza.

O informe do arquitecto do 14/11/2016 sinala que «estudado o ano 2015 pódese observar que dez licenzas se atoparían dentro dos supostos contemplados no cambio proposto [granxas, naves industriais, alpendres, pendellos, depósitos, graderías e panteóns]» e engade que «se se ampliaran os novos valores (...) as taxas do ICIO pasarían de 19.914,30€ a 15.983,49€», ou sexa que falamos sobre 3-5000€ por ano para todo o Concello de Chantada moi lonxe das cantidades e dos valores que desde Inta se venden. Procede, pois, facer os devantidos estudos e reformar os impostos con rigor e non con cálculos contraditorios ou manifestamente falsos.

En canto o casco urbano e o polígono industrial (naves industrias xa que logo na práctica) contan con bonificacións do ICIO de 95% (na práctica máis de 40.000€ en 2016) as granxas e establos pagan rigorosamente un imposto que se lles rebaixa agora dun xeito totalmente marxinal. Ao noso entender isto segue discriminando un sector estratéxico e, lembramos, Inta votou contra a nosa proposta de aplicación de 90% de bonificación no IBI para as actividades agrarias. Un duplo raseiro ao que se lle debe pór fin. O rural precisa nestes momentos todo o noso apoio e non cada vez maiores atrancos, máxime cando a inxección de fondos europeos vai pasar á historia.

O noso grupo propuxo no seu día declarar sector de especial interese municipal ao primario cunha proposta íntegra anexada de nova ordenanza fiscal reguladora do IBI que aplicaba descontos para o sector primario, familias numerosas, etc. nos marxes que permite a lexislación vixente e que nin se molestaron en ler e estudar. Da mesma resultaba unha merma recadatoria de por volta duns 50.000€ anuais no peor cenario, que eran asumíbeis amortizando a praza de policía local vacante e realizando outros pequenos axustes.

No entanto, a maioría apoiada na intervención interina invocaron a imposibilidade de tal medida amparándose na necesidade dun plano económico-financeiro e na existencia do plano de axuste. Uns meses despois para o Goberno é perfectamente viábel modificar ordenanzas fiscais sen ningún tipo de argumentación, estudo, etc.

### **3º.- Xebrar tipos de instalacións con valor de uso completamente diferente**

O noso grupo entende que non ten lóxica manter na modificación proposta naves industriais, granxas e panteóns nunha mesma epígrafe. Nos dous primeiros casos falamos de construcións produtivas de diferente natureza e no terceiro de construcións cun valor de uso (e de cambio) totalmente diferente que, amais, son cesións sen propiedade no caso dos panteóns de titularidade da Igrexa (todos os existentes no Concello) onde procede ver a titularidade e se debe pagar o titular ou a quen se lle opera a cesión após aboar os correspondentes dereitos á Igrexa. Dita situación debe ser esclarecida e informada polos servizos xurídicos municipais.

De por parte tampouco é procedente mesturar instalacións deportivas e de recreo con alpendres e pendellos. Usos diferentes exixen gravames diferentes.

Non ten sentido seguir mesturando allos con cebolas. As granxas, as naves industriais e os panteóns deben xebrarse en diversos módulos e tampouco as instalacións recreativas, os alpendres, pendellos, ou panteóns poden homologarse nunha mesma realidade. Non é serio.

Así o recoñece o informe do arquitecto de 26/06/2017, feito a petición da intervención municipal. No mesmo, indícase por parte do técnico municipal que os valores por m2 para unha nave dunha explotación gandeira, un almacén ou un alpendre son substancialmente diferentes (p. 74), mais na proposta de acordo seguen mesturándose panteóns con naves industriais e granxas; e alpendres con instalacións deportivas.

### **4ª.- Acordo-proposta dirixido a órgano incompetente**

O acordo-proposta diríxese á CI no seu punto 1º e non ao Pleno que é o que ten a competencia para a súa aprobación. Isto non é serio, polo que debería modificarse e volveuse traer ao pleno, xa que o Pleno non pode adoptar un acordo-proposta dirixido a outro órgano colexiado nen é competencia da CI adoptar acordos ao ser un órgano colexiado unicamente consultivo-informativo.

### **5ª.- Desaforro cuantificado que debe levarse en conta no informe económico**

Para maior abastanza, este é un imposto que, cómpre lembrar, se subiu (do 2 para o 3%) por mor do Plano de axuste en que este Concello segue inmerso, ou sexa, un Concello intervido coas limitacións e consecuencias que iso trae consigo.

No informe da intervención sobre o orzamento (*Informe de Fiscalización 10/2017*) ou no *Informe de seguimento do Plano de axuste* correspondente ao 4ºT de 2016 (31/10/2017) indícase que o ICIO, dentro da medida de aforro 1 do referido plano, dispúñase un desaforro neste imposto de máis de 36.000€ xa que existían 87.342,61€ de dereitos recoñecidos netos e só se recaudaban 45.999,29€ fronte aos 41,343,32€ que se devolveron polas bonificacións existentes (art. 6º da *Ordenanza* conforme ao art. 103.2 do TRLRFL). Por tanto, a intervención recomendaba que, dado o crecente gasto – nomeadamente en 2017 no capítulo de persoal– e a vixencia do *Plano de axuste* subsanar isto por incumprirse a medida.

Polo exposto rogo se teñan estas alegacións por apresentadas e **SOLICITO** que se consideren na aprobación definitiva, se procede, destas modificacións para a súa mellora e para o cumprimento das disposicións legais vixentes.

Chantada, 9 de setembro de 2017.

Assinado por FENTE PARADA, ANTONIO (AUTENTICACIÓN)  
no día 09/09/2017 com um certificado emitido por AC  
DNIE 001

Asdo.: Antom Fente Parada, voceiro de **POR CHANTADA – CANDIDATURA DE UNIDADE POPULAR.**

